

# MYSTERY TRAIN

Jim Jarmusch, 1989

# 563

**PASES ÚNICOS EN NUMAX:** 18 e 31 de xullo | V.O.S.E. | TP

*Mystery Train* (1989, 85')

**Dirección:** Jim Jarmusch

**Guión:** Jim Jarmusch

**Elenco:** Masatoshi Nagase, Youki Kudoh, Nicoletta Braschi, Cinqué Lee, Screamin' Jay Hawkins, Elizabeth Bracco, Tom Noonan, Steve Buscemi, Tom Waits, Rick Aviles, Joe Strummer

**Son:** Robert Hein

**Dirección de arte:** Jeff Butcher, Dianna Freas, Eric Gruber, Takuya Matsuyama, Tom Mittlestadt

**Vestuario:** Carol Wood

**Montaxe:** Melody London

**Música:** John Lurie

**Fotografía:** Robby Müller

**Produtora:** JVC Entertainment Networks (EEUU)

**Distribuidora:** Avalon

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.78:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA

*Los muertos no mueren*, 2019

*Paterson*, 2016

*Gimme Danger*, 2016

*Só os amantes sobreviven*, 2013

*Los límites del control*, 2009

*Flores rotas*, 2005

*Coffee and Cigarettes*, 2003

*Ghost Dog, o camiño do samurai*, 1999

*Year of the Horse*, 1997

*Dead Man*, 1995

*Noite na terra*, 1991

*Mystery Train*, 1989

*Down by Law [Baixo o peso da lei]*, 1986

*Estraños no paraíso*, 1984

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 1989 (Mellor Contribución Artística, Sección Oficial), Independent Spirit 1989 (7 nominacións incluída Mellor Filme)

## SINOPSE

Memphis é o escenario para as súas tres historias. *Lonxe de Yokohama* segue a dous mozos xaponeses cuxo soño é visitar Graceland, a casa de Elvis Presley. En *Unha pantasma*, unha muller italiana doada de convencer vese estancada agardando o avión que os leve de volta a casa, a ela e ao cadáver do seu marido. E en *Perdidos no espazo*, tres homes vense perseguidos pola lei como consecuencia de actos realizados baixo efectos do alcol.

«Ten a beleza propia das cancións de Van Morrison, cunha excentricidade educada que ás veces ergue a voz e outras semella tatexar. Chega ao noso corazón cun material aparentemente banal»

Philip Martin, ARKANSAS

DEMOCRAT-GAZETTE



# MYSTERY TRAIN

Jim Jarmusch, 1989

## “Shakespeare é tan bo como Dashiell Hammett”

Entrevista con Jim Jarmusch

Por Ian Johnston

**Poste nervioso pola estrea dun novo filme?** Si, sempre me poño nervioso porque para o único que traballo todo o ano é para ese momento en que o público ve o filme. O único importante é conseguir que o filme chegue ás salas e que a xente o vexa, dáme igual a crítica, as festas con xente famosa e todo iso. Unha vez que se estreou o filme comezo relaxar. Traballo cumprido.

**Mystery Train séntese como un filme europeo. De feito todos os teus filmes retratan América a través de ollos estranxeiros. Sénteste un estraño no teu propio país?** Supoño que si, en certa medida. Tamén son moi americano, co que hai unha certa contradición en todo isto. Nos filmes adoito situar personaxes norteamericanos en contraste cos que non o son. Así que sempre se dá esta dobre perspectiva, e dalgún xeito ao ter as dúas caras da moeda podo escoller máis facilmente por onde desenvolver cada historia. Pero case nada disto agroma de xeito consciente.

**A influencia dos filmes de serie B e do cinema de autor semella colisionar no teu traballo.** Grazas por comentalo. Habitualmente teño que explicalo eu. Non me gustan as xerarquías á hora de tipificar a arte, aborrezco a diferenza

entre alta cultura e cultura popular. Para min o rock&roll é tan grande como unha sinfonía, cando te toca realmente. Un bo libro de Mickey Spillane é tan bo como un de Herman Melville. Shakespeare é tan bo coma Hammett. Tex Avery é tan bo como Orson Welles. Personalmente, o que non me adoita atraer é o mainstream, adoito decantarme polas beiras, serie B, cinema de terror... E por outra banda está o que se adoita chamar cinema de autor. Son cousas que me apelan persoalmente.

**Como cineasta que filmes son os que máis te influenciaron?** Encántame o cinema de Don Siegel, Sam Fuller, Nicolas Ray. Pero ao mesmo temo devezos por Straub, o primeiro Godard, Vertov. Como dicía o *mainstream* interésame menos. Por exemplo nunca vin *Lo que el viento se llevó* (Victor Fleming, George Cukor, Sam Wood, 1939), *E.T., el extraterrestre* (Steven Spielberg, 1982) ou *La guerra de las galaxias* (George Lucas, 1977). Non me interesan, prefiro ver *Terroríficamente muertos* (Sam Raimi, 1987) que *En busca del arca perdida* (Steven Spielberg, 1981).

**Non che tira facer filmes en Hollywood?** Non, e non quero menosprezar o que alí se fai, simplemente non é para min. Estaría perdido, tento non afastarme moito daquilo que sei facer.

**Mystery Train ten unha construción narrativa moi diferente dos teus filmes anteriores.** Como escritor quixen divertirme fuxindo do relato lineal. Por cambiar, sen ningún motivo concreto. Tamén é certo que tiña un bo número de actores que quería que participasen e precisaba unha liña narrativa que me

permitise metelos a todos. Así que tirei por unha estrutura próxima ao filme de sketches pero que realmente funciona como un todo.

**E por que decidiches gravar en cor?**

Pois o mesmo, foi algo totalmente intuitivo, nada consciente. Non se trata de atender ao que está de moda. Cando comezo escribir para cada personaxe teño os actores na miña cabeza, sei que aspecto teñen, como falan e comezo a visualizalos. Ás veces este proceso ten lugar en cor e ás veces en branco e negro. É como se pensas nos teus soños, se teñen lugar en cor ou en branco e negro, e non saberías dicir o por que. De feito estou a traballar en varias ideas para os meus vindeiros filmes e aínda non sei que aspecto han ter.

**Hai unha actitude nos teus personaxes próxima aos da Xeración Beat.** Si, a os *beatniks* foron sempre unha grande influencia para min. Cando era un neno lin *On the Road*, de Jack Kerouac e pareceume que o contido era atractivo pero a forma bótame fóra do libro. Cinco anos máis tarde escoitei a Kerouac ler un fragmento na radio e quedei prendado. Recuperei os seus libros e flipei. O mesmo me sucedeu con Allen Ginsberg, o primeiro Gregory Corso, John Ashbery e Fran O'Hara. Tamén son un grande admirador de Robert Frank, gran fotógrafo e autor dun dos mellores filmes feitos en Norteamérica: *Pull My Daisy* (1959). Dalgunha maneira ese filme captura a esencia do movemento *beat*.

Publicado en <https://louderthanwar.com>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)



## MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.

#eusondenamax